


transcorreron na Europa católica e de maior densidade rural. Indica ao respeito que “En canto nos casos inglés e norteamericano e tamén no de outros espazos do Mediterráneo se observa unha correlación positiva entre os factores socio-cultural, político e económico en relación coa alfabetización -p. 593-, no caso portugués, a historia comproba unha escolarización asociada a factores esóxenos, á mobilidade profesional e á emigración. Nos outros casos, o acceso á cultura escrita tornouse un fenómeno intrínseco á vida cotiá da Modernidade, de modo que se puido rexistrar unha disociación entre a alfabetización e a escolarización”. No caso portugués, en troques, rexístrase unha clara asociación: ser un alfabetizado desde mediados do século XIX era sinónimo de ter sido escolarizado, a través dunha “cultura escolar” construída, nacionalizada e transmitida, di na p. 71, nunha combinación entre o local cultural e a sobreposición do Estado, sendo esta aproximación a que mellor explicaría a escolarización xeral, que sen embargo “non esgota a historia da aculturación escrita da sociedade portuguesa”.

Estamos, sen dúbida, ante un texto meditado, maduro, asentado sobre unha consistente empiria e textos anteriores de investigación do autor, que é tamén moi consciente do “estado da arte”, visible na ductilidade na toma en consideración das achegas e argumentos de destacados historiadores da cultura e da educación, en particular do universo francófono, ou filtrado a través del. Hai por momentos no texto algún excesivo amillaramento de conceptos, que evocan involuntariamente significados múltiples, e ‘algunha densidade’ expresiva que pode entorpecer a lectura, do que é un “discurso” que ten presente o estruturalismo, a longue durée e o exercicio

literario comunicativo. Dito isto, é innegable a súa solidez; un exercicio de Historia que só pode ser debullado mediante unha lenta, atenta e comprensiva lectura.

Antón COSTA RICO
USC



PORTO UCHA, A.S. e VÁZQUEZ RAMIL, R. (2015). *María de Maeztu. Una antología de textos*. Madrid: Dykinson.

Na obra recentemente publicada en torno á singular figura de María de Maeztu y Whitney, os autores Porto Ucha e Vázquez Ramil achégannos en primeira instancia un interesante estudo teórico no que analizan o pensamento social e pedagóxico desta muller de fortes conviccións que avogaba pola función emancipadora da educación, para deterse logo nunha selección de textos que ilustran o percorrido exemplar de fortaleza e de tenacidade que caracterizou a vida da que foi impulsora e directora da *Residencia de Señoritas de Madrid* e do *Lyceum Club*.

O eixo inicial sobre o que se estrutura o libro xira en torno ás reflexións pedagóxicas e sociais da mestra feminista e destacada intelectual da Idade de Prata María de Maeztu. Pártese aquí da aproximación aos primeiros pulos en prol da educación da muller no contexto español, indagando así nos aportes do Krausismo e da Institución Libre de Enseñanza como xermolo da renovación pedagóxica e moral da sociedade española, ademais de explorar as inxerencias de Fernando de Castro e as súas iniciativas humanitario- feministas.

Neste sentido, ao afondar nas realizacións educativas máis relevantes dos institucionalistas –pois delas nótrese e bebe en boa medida Maeztu-, e máis alá de facer fincapé no Museo Pedagógico Nacional, nas Colonias Escolares, na Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (da que foi pensionada), na Residencia de Estudiantes e no Instituto-Escuela, os autores da obra focalizan a súa atención na Residencia de Señoritas de Madrid, que estivo desde os seus comezos baixo a batuta da biografiada. Non quedan á marxe deste percorrido as alusións ao Grupo Feminino de la Residencia de Estudiantes de Madrid, á pegada estadounidense na Residencia de Señoritas mediante o International Institute for Girls in Spain, así como a presentación dunha panorámica da vida na Residencia madrileña.

Con estes elementos informativos, Porto Ucha e Vázquez Ramil penetran na traxectoria vital e profesional da discípula de Unamuno e Ortega, partindo das súas orixes en Vitoria no ano 1881 ata a súa repentina morte no Mar da Prata, no 1948. Unha vida de paixón pola educación, acción e perseveranza que marcou a obra escrita e divulgadora que se analiza tematicamente no libro. Esta

análise atende, fundamentalmente, aos primeiros escritos pedagóxicos e feministas da súa etapa de formación; ás novas responsabilidades fronte a Residencia de Señoritas; á consolidación de Maeztu como propagandista, e ás loitas e exilios.

O libro pecha cunha antoloxía de textos exhaustivamente organizados segundo criterios temáticos e cronolóxicos. Plásmanse textos que reflicten o seu pensamento de xuventude, propios pois da súa etapa inicial; outros que reflicten o pensamento pedagóxico expresado durante a súa estancia en Alemaña entre 1912 e 1913; o feminismo, a educación e o traballo da muller; a súa obra de divulgación propagandística na Sudamérica dos anos vinte e entrevistas que dan conta da opinión de Maeztu con respecto ao papel das mulleres na Universidade e na República, das súas valoracións en relación á Residencia de Señoritas e do seu retorno a España no 1945. Esta selección de textos trasládanos un pensamento avanzado, digno de ser valorado tendo en conta que, máis que nas verbas, María de Maeztu deixou a súa impronta na loita por abrir canles de estudo e de cultura ás mulleres españolas.

Como ben se recalca no prólogo da obra, este libro nace nun momento tan oportuno como é o centenario da creación da Residencia de Señoritas de Madrid, polo que constitúe *“un recordo e á vez unha homenaxe ás mulleres que nela viviron, se formaron e traballaron; é tamén unha chamada de atención ás novas xeracións, para que comprobemos que o seu patrimonio existencial se nutre das vitorias e as derrotas de quen as precederon”* (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2015:14).

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC